



## **Programa de actividades dirixidas á sensibilización e prevención da violencia contra as mulleres.**

### Venres 3 novembro

2ª xuntanza da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional fronte á violencia de xénero.

### Luns 20 de novembro:

Charlas informativas dirixidas á mocidade de 14 a 16 anos, a cargo de persoal especializado do Centro de Recuperación Integral CRI para vítimas de violencia de xénero.

**Charla “O ciberacoso”** na que participarán 21 rapaces e rapazas de 3º ESO do CPIP Cernadas de Castro.

**Charla “As relacións tóxicas nas parellas adolescentes”** na que participarán 28 rapaces e rapazas de 4º ESO de CPIP Cernadas de Castro.

Estas actividades realízanse ao abeiro dun convenio entre a FEGAMP e a Secretaría Xeral da Igualdade e poden solicitálas os concellos membros da Rede de entidades locais contra a violencia de xénero.

### Mércores 22 de novembro:

**Espectáculo “Contamos todas” do grupo Tropa de Trapo na Casa de Cultura de Lousame.**

Asistirán 75 rapaces e rapazas de secundaria. Esta actuación combina as historias contadas con música en directo, cun obradoiro participativo. Son historias sobre mulleres que amosan exemplos de superación, rebeldía, equidade e empoderamento.

Esta actividade foi solicitada ao Fondo Galego de Cooperación Internacional, do que forma parte o Concello de Lousame.

### Semana do 20 ao 24 novembro:

**Obradoiros “Engánchate ao bo trato” no Servizo Lousame Concilia.** Participarán 20 nenos e nenas que asisten pola mañá a este servizo de conciliación familiar. Traballarán de xeito lúdico a importancia dos valores do respecto e a tolerancia como ferramentas básicas para facilitar a convivencia entre as persoas.

### Venres 24 novembro:

Con motivo da celebración do Día contra a violencia de xénero, o Concello en colaboración co colexio organizará un **acto en memoria das vítimas no que se dará lectura a un manifesto de rexeitamento** da violencia machista e o alumnado participará activamente mostrando distintos traballos a favor da igualdade e da tolerancia cero ante calquera tipo de violencia.